

ALVARELLOS EDITORA PRESENTA NA CORUÑA O LIBRO CLANDESTINO DA GUERRA CIVIL EN GALICIA



Carlos Fernández, Díaz Pardo (coa edición orixinal de 1938) e Henrique Alvarellos. A Coruña 15/12/05



Carlos Fernández, Díaz Pardo e Henrique Alvarellos. A Coruña 15/12/05

***Galicia bajo la bota de Franco* saíu á luz en París e Bos Aires**

- Unha obra rescatada por vez primeira en castelán dende a súa aparición no exilio hai case setenta anos
- *Galicia bajo la bota de Franco* é a crónica da represión do 36 nas provincias da Coruña e Pontevedra, contada polos que a padeceron
- O historiador Carlos Fernández Santander asina o limiar e as notas á presente edición e cita a Luis Seoane e Manuel Domínguez Benavides como dous dos autores da obra
- Isaac Díaz Pardo, que aparece citado no libro, definiuse como “unha vítima desta obra”, pois, por un erro, afirmase nela que, no 36 alistouse na Lexión.

A Coruña, xoves 15 de decembro de 2005.- Alvarellos Editora presentou na Fundación Luís Seoane da Coruña o libro *Galicia bajo la bota de Franco (La edición clandestina de 1938)*, nun acto no que participaron o intelectual Isaac Díaz Pardo, que xa aparece citado neste libro, o historiador Carlos Fernández Santander, autor do Limiar e as notas á presente edición, e o editor, Henrique Alvarellos Casas.

Galicia bajo la bota de Franco aparece por primeira vez en castelán dende a súa publicación, en 1938, en París e Bos Aires. Trátase dunha crúa reportaxe periodística de autores anónimos onde se describe, con feroz realismo, o día a día en Vigo, A Coruña, Pontevedra, Santiago, Nigrán, Tui... nas trágicas xornadas que seguiron ao golpe de Estado do xeneral Franco de xullo de 1936.



E nárnanse sucesos como a fusilamento de Camilo Díaz Baliño, Ánxel Casal, Alexandre Bóveda ou os acontecidos no coruñés Campo da Rata, entre outros centos de vítimas.

ALVARELLOS EDITORA recupera unha obra tan dura nos seus contidos como fundamental para coñecer e reflexionar sobre a dimensión duns feitos que endexamais poden volver a repetirse.

Carlos Fernández Santander (A Coruña, 1944) é autor dunha das biografías máis completas sobre Franco e de máis de trinta libros sobre a Guerra Civil española e as catro décadas de dictadura que a seguiron. Fernández Santander cita, no prólogo a esta edición, a Luís Seoane e Manuel Domínguez Benavides como probables autores de *Galicia bajo la bota de Franco* “un libro – di– que tuvo en su momento una gran difusión, pues se publicó tanto en castellano como en francés, y por varias editoras”.

UNHA NARRACIÓN VIBRANTE, ÉPICA E DE DENUNCIA ANTE O MUNDO

Carlos Fernández define este libro como un *instant-book* da época, cun estilo “vibrante, ágil, combatiente, en ocasións épico, donde se cita sin ningún reparo nombres de vítimas y represores, con una narración clara y periodística y un propósito bien claro: denunciar al mundo lo que está ocurriendo en Galicia, donde sólo en cinco meses de 1936, de agosto a diciembre, varios miles de personas habían sido fusiladas, o asesinadas –que para el caso era lo mismo– sin más ‘delito’ que profesar unas ideas o ser autoridad, en mayor o menor grado, de un Gobierno que había ganado las últimas elecciones generales, en febrero de 1936, de forma democrática”.

DÍAZ PARDO: “EU SON UNHA VÍCTIMA DESTA OBRA”

O intelectual Isaac Díaz Pardo explicou, durante a súa intervención na presentación do libro, “eu son unha vítima desta obra” pois en *Galicia bajo la bota de Franco* afirmase que, tralo Alzamento e fusilamento de seu pai Camilo Díaz Baliño, Díaz Pardo alistouse na Lexión: “Esto loxicamente non é certo - comentou-. En realidade estiven acochado durante seis meses no número 23 da Praza de Pontevedra, no piso do meu tío”. Así mesmo constatou a autoría de Luis Seoane de parte desta obra: “Pouco antes publicou varios fragmentos desta obra na revista *Crítica* de Bos Aires, asinados baixo o seudónimo de Conrado Alén, e logo, xa nos anos sesenta, cando eu viaxei a Bos Aires, díxenlle o da Lexión e aclaramos o erro do libro”, precisou.

ALVARELLOS: “HAI QUE CULTIVAR A MEMORIA, NON A VINGANZA”

Finalmente o editor, Henrique Alvarellos, resaltou que “hai que cultivar a memoria, non a vinganza. E xamais fomentar o esquecemento se antes non sabemos qué cousa hai que esquecer”, ao tempo que afirmou que “este libro acaba co falso mito de que, como en Galicia non houbo combate, non houbo



guerra. Vaia se a houbo, unha represión sanguinaria”. Finalmente lembrou que o 2006 será declarado o Ano da Memoria Histórica en Galicia: “Sen este libro non se pode escribir o primeiro dos capítulos desa recuperación”.

FICHA TÉCNICA

• Nº páxinas: 281
• Lingua: castelán
• Prezo: 15 €
• Medidas: 13,5 X 23
• Ano 1ª edición: 1938
• Ano 2ª edición en castelán: 2005
• ISBN: 84-89323-21-6
• Encadernación: rústica
• Material complementario: Limiar e edición anotada por Carlos Fernández Santander. Máis tres Apéndices: “Otros escenarios: Lalín, Lugo y Ourense”, por Enrique Alvarellos Iglesias; “Falangistas coruñeses del año 38”, por Carlos Fernández e Índice completo de nomes.

[MÁIS INFORMACIÓN EN WWW.ALVARELLOS.INFO]



Rúa das Arribadas, 7, 1º C
15706 SANTIAGO
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52